

Vaia primeiramente o noso saúdo e adhesión a todas as iniciativas que se desenvolven impulsadas desde o ámbito deportivo e social a prol da existencia de seleccións deportivas galegas.

Estes días foron numerosas as persoas vinculadas ao fútbol e ao deporte galego en xeral quen expresaron publicamente o desexo de que a selección galega de fútbol xogase o seu partido anual. Foron numerosas as críticas á sinrazón e ás excusas utilizadas para impedir a celebración do partido con recoñecemento e formato oficial.

O apoio á selección galega é un clamor social. A sana identificación da sociedade galega co seu país é unha realidade que non vai poder exterminar ninguén.

A existencia dunha selección galega de fútbol ten raiceiras históricas en Galiza.

Non foi un invento caprichoso. Foi intento de normalidade dunha sociedade que se quere a si mesma e que cre nas súas capacidades.

Non foi unha iniciativa excluín-te. Foi intento de crear lugares de encontro e arelas comúns para todos os galegos e galegas a través do deporte.

O Bloque Nacionalista Galego forma tamén parte dese clamor social e queremos dar a cara publicamente para deixalo patente. Non é a política, en xeralización abstracta, quen inviabiliza as arelas sociais. É o goberno e a política do Partido Popular.

Desde o BNG reclamamos á Xunta de Galiza que organice un partido da nosa selección nos vindeiros meses co apoio institucional e coa representatividade do noso fútbol que merece. Non queremos pasos atrás. Non asumimos que se expulsen do ámbito oficial as seleccións

deportivas galegas. Queremos que se camiñe na dirección contraria. No recoñecemento institucional preciso para poderen competir oficialmente nos torneos internacionais.

No ano 2005 a Xunta de Galiza comezou a dar carta de oficialidade ás seleccións deportivas galegas. Propiciou partidos internacionais da selección galega de fútbol. Puxo en marcha tamén a femenina e impulsou ese proceso noutras disciplinas deportivas.

O mundo do deporte ten clara a referencialidade deste proceso. O recoñecemento que isto supuxo para o esforzo de milleiros de deportistas e centos de entidades que ao longo de todo o ano superan dificultades, día tras día, para saír adiante.

Pensabamos todos os “bos e xenerosos” deste país que vestir a camisola de Galiza era orgullo para todos os galegos e galegas, como o era para os nosos deportistas referenciais. Como o foi tamén para os milleiros de espectadores de todas as idades que desafiaron o frío en anos sucesivos nos campos galegos.

Pensabamos todos os “bos e xenerosos” deste país que era bo ter un equipo de todos os galegos, sen rivalidades entre nós, onde todos e todas nos vísemos reflexados.

Pois non. Había “imbéciles e escuros” que non nos entendían.

E nós non vemos o problema de que todos os galegos nos identifiquemos con símbolos comúns.

Non compartimos o empeño en negar e tentar destruír o obvio, a existencia dunha identidade común galega.

Non ten futuro esta política extremista da nova clase dirixente do Partido Popular. Non ten futuro un goberno que só destrúe e non constrúe.

Onde quedaron os teóricos da autoidentificación no PP?

Galiza non poderá afrontar as súas necesidades sociais e económicas con seriedade, cun goberno incapaz sequera de convivir con normalidade co seu propio idioma. Non se poderá reclamar a unidade de esforzos de todos os sectores sociais e políticos para afrontar os nosos grandes retos como país, si nos asusta que os galegos se identifiquen coas súas seleccións deportivas.

Señor Feijoo, señores do Partido Popular, non lle teñan medo a Galiza!, non trasladen os seus complexos de inferioridade ao goberno da Xunta!

As seleccións deportivas galegas son un símbolo da unidade de todos os galegos e galegas que necesitamos como exemplo. Como exemplo tamén para superar conxuntamente un momento de dificultades económicas que padecen directamente moitas familias. O esforzo por estragar o Nadal ao amplo mundo do deporte galego sería merecente de causa menos ruín.

Estes meses de goberno na Xunta non fan máis que petar no mesmo cravo. Tirar por terra os avances logrados polo nacionalismo galego no periodo anterior. Borrar do mapa calquer mínimo avance feito se pretende dar normalidade ao noso país: galescolas, concurso eólico, servizos sociais e de benestar, normalización lingüística, seleccións deportivas galegas.

Ninguén chegou a intuír que a anunciada política de austeridade económica tiña que ver coa falta de ideas e novas medidas de goberno a que destinar os recursos públicos.

O Bloque Nacionalista Galego está empeñado en seguir fornecendo ao país de alternativas políticas para avanzar. E vaino facer sen fuxir da súa responsabilidade política, buscando o mellor para toda Galiza, defendendo

os intereses da maioría social, e procurando a autoestima dos galegos e das galegas como mellor arma de futuro.

Con autoestima, non permitamos pasos atrás, que a historia siga avanzando: Seleccións oficiais galegas, xa!